

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESOLUCIÓN do 12 de maio de 2025 pola que se ordena a publicación no Diario Oficial de Galicia da modificación da normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións aprobada polo Acordo do Consello de Goberno na súa sesión do 30 de abril de 2025.

A Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións foi aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011 e publicada no DOG do 21 de xullo. No seu artigo 8 recóllese o sistema de revisión de cualificacións.

Dado o tempo transcorrido desde a súa aprobación a as novas circunstancias concoerentes considérase necesaria unha modificación parcial do seu contido, en particular, a revisión da redacción deste precepto para evitar interpretacións diverxentes. Así mesmo, enténdese procedente reducir os prazos de revisión para axilizar a inclusión das cualificacións no expediente académico do estudantado.

Por todo o anterior propónse ao Consello de Goberno a modificación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Único. Modifícase o número 2 do artigo 8 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 8. *Revisión de cualificacións*

2. A revisión levarase a cabo en dúas datas opcionais e deberá realizarse entre o día hábil seguinte ao da publicación dos resultados e o sétimo día hábil. Procurarase que estas revisións se poidan levar a cabo en horarios alternativos e que a segunda data sexa posterior ao terceiro día hábil. A revisión debe servir para que o/a estudante poida percibir o seu nivel de coñecementos e carencias, tanto se resulta aprobado como suspenso. A dirección do centro garantizará o dereito do estudantado para revisar as súas cualificacións nos prazos establecidos.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Este acordo entrará en vigor na data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2025

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

